



CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2012/2013 TITULACIÓNNS ADAPTADAS AO EEEs

Aprobado polo Consello de Goberno do 26 de abril de 2012

1. PERÍODO LECTIVO

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 1 de setembro de 2012 ao 31 de xullo de 2013, organizado en dous subperíodos académicos. Excepcionalmente poderán realizarse actividades fóra deste período no caso de prácticas en empresas ou para avaliación de Traballo de Fin de Grao ou Mestrado. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

As actividades académicas docentes comprenden:

Primeiro cuadrimestre: desde o 10 de setembro de 2012 ao 21 de decembro de 2012

Segundo cuadrimestre: desde o 29 de xaneiro de 2013 ao 16 de maio de 2013

Nas titulaciónns de máster a data de inicio da actividade académica será determinada en cada caso dependendo da matrícula e do cumprimento das condicións de impartición do Decreto 222/2011, do 2 de decembro da Xunta de Galicia.


3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación os/as estudiantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en tres períodos:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Materias do primeiro cuadrimestre	do 8 ao 25 de xaneiro de 2013	8 de febreiro de 2013 15 de febreiro de 2013 para as actas do TFG e TFM
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 20 de maio ao 7 de xuño de 2013	18 de xuño de 2013 25 de xuño de 2013 para as actas do TFG e TFM
2ª oportunidade	Do 1 ao 19 xullo de 2013 (*) Do 1 de xullo ao 16 de setembro para os TFG e TFM	29 de xullo de 2013 25 de setembro de 2013 para as actas do TFG e TFM

(*) Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre. As clases suspenderanse durante o período de avaliación.





O alumnado que superase cando menos un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade e llo permita o seu plan de estudos, poderá realizar a **matrícula do traballo de fin de grao** (TFG) no período ordinario de matrícula e poderá optar por defender o dito traballo, nunha primeira oportunidade, que corresponderá coas datas de avaliación do primeiro ou do segundo cuatrimestre ou, de ser o caso, nunha segunda oportunidade que corresponderá sempre coa data de avaliación do mes de xullo ou setembro. A esta fin a defensa e avaliación do TFG deberá cumplir co previsto co apartado 3 do artigo 12 do Real decreto 1393/2007 do 29 de outubro.

A estas opcións tamén se poden acoller os alumnos do traballo fin de mestrado (TFM) sempre que non exista impedimento no correspondente plan de estudos.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudio interromperanse desde o día 22 de decembro de 2012 ata o día 7 de xaneiro de 2013 (ambos os dous incluídos); os días 11 e 12 de febreiro de 2013 e desde o día 25 ao día 31 de marzo de 2013 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o venres día 28 de xaneiro de 2013, festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividades dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres más próximo; e se cadrassen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou o día seguinte.

DILIXÉNCIA para fazer constar que
o/a presente documento
composto de 2 páxinas numeradas e seladas,
foi aprobado polo Consello de Goberno,
na sua sesión de data 26-abril-2012
O SECRETARIO XERAL.

Asdo... Carlos Anxo Soto